

GRUPO PROVINCIAL

D^a. Montserrat Lama Novoa, Voceira do Grupo provincial de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía da Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu coñecemento e posterior aprobación se procede:

UNIÓN POLA DEFENSA DA SUSTENTABILIDADE DO SECTOR AGROGANDEIRO NA COMARCA DA LIMIA

De todos é coñecida a situación que se está a vivir na comarca da Limia referente ao sector agrogandeiro e o medio ambiente, unha situación alarmante que o único que se está a conseguir é desprestixiar o sector e a comarca, sen ter en conta o dano irreparábel que se provoca. Este dano a imaxe da Limia pode levar a ruína a moitas familias e a comarca sufrirá un grave retroceso.

Para nós, a auga das nosas terras, dos nosos ríos, son un ben que debe estar protexido, e que todos, estamos seguros, queremos que sexa o máis pura e limpa posible, e por ele debemos frear, inmediatamente, certas situacións.

A normativa autonómica, xa viña recollendo as boas condicións agrarias e ambientais da terra (BCAA), con todo a entrada en vigor da normativa estatal básica na materia –o Real Decreto 980/2017 do 10 de Novembro, para a aplicación en España da Política Agrícola Común, modificou a normativa existente, a nivel estatal, en canto o mantemento do nivel de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas.

As excepcións establecidas pola Consellería do Medio Rural, permitidas no citado Real Decreto, non fixeron máis que atrasar o inevitable, pois non podemos esquecer que estamos nun “Proxecto Piloto” sancionador, por parte da Comisión Europea referente á superación dos límites de emisión de amoníaco á atmosfera e por tanto sabemos ben que é necesario aplicar medidas que axuden a mitigar o impacto das emisións gandeiras.

Somos defensores do cumprimento da legalidade vixente e por ende todo aquel que se dedique ao sector agrogandeiro ten que respectar e velar pola observancia da mesma, e de non facerse así, deberá ser sancionado.

Con todo, tampouco podemos responsabilizar, en exclusiva, ao sector agrogandeiro e facerlles asumir as nefastas consecuencias de xerar unha alarma social como o acontecido o pasado mes de agosto que provocou tantas situacións.

Dicimos que desde C’S, queremos ser os primeiros en cumprir e facer cumprir a ley, a publicación da Directiva 2016/2284 obrigará a España a reducir o seu teito de emisións un 16% para o amoníaco no ano 2030 e iso provoca que a adopción de medidas ao respecto, sexa urxente e inevitable para facilitar o cumprimento de

esta Directiva sobre "Techos Nacionales de Emisiones", así como o Protocolo de Gotemburgo do Convenio de Xenebra.

Pero **todos temos que traballar nesa liña**, principiando polas diferentes administracións;

RESPONSABILIDADE SI, pero de todos os axentes implicados; non só, coma sempre, do último e máis débil elo da cadea, cargando sobre o sector agrogandeiro a responsabilidade de asumir grandes inversións e provocando o peche definitivo de moitas explotacións e granxas que non poderán asumir os custos desta transformación.

A Xunta de Galicia ata o de agora manifestou unha absoluta pasividade. A creación da Mesa da Limia foi un proxecto político que quedou en papel mollado por parte do Conselleiro de Medio Rural e que non levou a ningún lado, traducíuse en dúas reunións completamente baleiras de contido e de propostas e sen solucións reais.

Na visita institucional ao salón de Plenos do Concello de Xinzo, o Conselleiro trasladou aos interesados que se crearían mesas de traballo, formadas por un equipo de persoas reducido e capacitado para traballar da maneira máis eficaz en prol de buscar solucións. Despois de case seis meses de esa visita, continuamos sen ter noticias ao respecto.

E preocupante o abandono no que o Concello de Xinzo xunto con VIAQUA ten algunhas depuradoras e como a a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ten os canles da nosa comarca: materia orgánica en descomposición nos leitos que non se limpa, e polo tanto non drena e acaba causando inundacións de parcelas e asolagamento dos cultivos, arrastrando sustancias contaminantes.

Así mesmo COREN, como máximo expoñente e referente empresarial na nosa comarca, está tamén obrigado a actuar de un xeito responsable e adoitar medidas de carácter inmediato para salvagardar a sustentabilidade da devandita zona; non en balde estamos a falar dunha empresa con gran capacidade de inversión que lle permite afrontar calquera modificación das súas infraestruturas e que se nutre directamente da Limia.

Fai uns anos, a través do PLAN LIFE da Unión Europea, investíronse 2 millóns de Euros no PLAN LIFE REGENERA LIMIA, co obxectivo de compatibilizar a actividade agraria e gandeira co bo estado das masas de agua da comarca; a pregunta que todos debemos facernos é: **¿ónde están os resultados de esa millonaria inversión?**

Son moitos os aspectos que debemos analizar, debe preocuparnos a Comarca, o sector agrogandeiro é o motor económico da Limia, temos que DIALOGAR, COOPERAR, RESOLVER E PROTEXER as nosas augas a través de boas prácticas e con unha boa xestión dos xurros.

A futura Lei do Sistema Integrado para A Xestión de Dexeccións Gandeiras Xeradas nas explotacións – impulsada pola Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pretende solucionar esta cuestión, deseñando un Sistema Integrado de Xestión de Dexeccións Gandeiras (Sidega).

A necesidade, segundo os antecedentes da devandita norma, nace de incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva 91/676/CEE, sobre a protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias e tamén, do ditado da Decisión UE 2017/302 que considera como Mellor Técnica Dispoñible (MTD) a inxección no terreo ou enterramento das dexeccións gandeiras sólidas despois da súa aplicación, no menor prazo de tempo posible.

Actualmente esta norma autonómica atópase en fase de alegacións, entendendo como necesaria a súa pronta aprobación, aínda que esperamos que teña a ben recoller as inquedanzas e necesidades dos sectores afectados e non dar as costas aos mesmos.

As vantaxes da adopción de todo tipo de medidas encamiñadas a minimizar as emisións, olores e calquera tipo de impacto medioambiental, son máis que evidentes, pero dada a enorme transcendencia do tecido económico e social que se verá afectado, consideramos imprescindible e necesario que os nosos gandeiros e agricultores poidan cumprir coa normativa vixente sen grandes quebrantos que poñan en perigo a continuidade das súas explotacións; en definitiva do seu modo de vida.

As esixencias deben vir acompañadas de propostas e facilidades para os afectados. E un feito que os residuos que se xeran as explotacións gandeiras poden constituír un problema ambiental, pero tamén se convierten en un recurso do que se benefician os propios agricultores e gandeiros. Estes xurros, utilizados como fertilizantes das terras fan necesario contar con foxos ben dimensionados, capaces de albergar os excedentes, de ser o caso. Por iso é preciso adoitar acordos e solucionar a problemática que xurde, de un modo global, cunha visión de conxunto.

Debemos traballar conxuntamente todo os partidos políticos, asociacións, organismos, institucións e veciños. Estamos a falar do futuro de moitas familias, do futuro da calidade das nosas augas e do futuro que pretendemos deixarlle aos nosos fillos.

Débenos preocupar e importar a Limia, porque a Limia necesita de nós e nós dela.

Por todo o anteriormente exposto, preséntase ao Pleno da Deputación Provincial de Ourense para coñecemento e aprobación, se procede, os seguintes **ACORDOS:**

1. Adoitar, todos os partidos políticos, que forman parte da Corporación desta Deputación Provincial, un **compromiso común** –que sexa referendado nunha **Mesa de Firma** –en defensa e protección do sector agrogandeiro na procura de solucións en prol dunha comarca sostible coa consecuente mellora das súas augas; en definitiva que permita o cumprimento e adaptación paulatina e progresiva as directivas europeas.
2. Instar á Consellería de Medio Rural e a o GDR da Limia para que convoque de xeito inmediato á **Mesa da Limia** para a creación dos Grupos de Traballo, prometidos polo Conselleiro, con todos os axentes implicados e afectados:
 - Concello de Xinzo de Limia.
 - Deputación Provincial de Ourense – Inorde.
 - Confederación Hidrográfica Miño-Sil.
 - Coren.
 - Adegal.
 - Asociación de Produtores da Pataca.
 - Asociación Auga Limpa Xaj.
 - Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida PATACA DE GALICIA
3. Esixir ao **Concello de Xinzo de Limia** que asuma as súas responsabilidades polo danos que poidan sufrir no sector produtivo agrogandeiro, polo deficiente estado das infraestruturas(depuradoras) e aporte un informe exhaustivo do estado no que se atopan as devanditas instalacións en toda a comarca.
4. Trasladar a **COREN** que adoite medias de control e seguimento, tanto das instalacións propias como de todas aquelas granxas que os representan na Comarca, en aras dunha mellor xestión dos residuos, para evitar o deterioro das nosas terras e os nosos ríos.
5. Así mesmo, instar a **Confederación Hidrográfica Miño-Sil** a que, de maneira inmediata, limpen os leitos e as canles para evitar maiores problemas e permita avanzar neste grave problema e adoitar unha solución definitiva.

6. Trasladar a **Consellería de Medio Rural** que estude a posibilidade de crear unha liña de axudas específicas para promover infraestruturas máis modernas e respectuosas co medio ambiente e que permitan adaptar a maquinaria existente.
7. Trasladar ao **Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación –Ministerio para la Transición Ecolóxica**, que estude a posibilidade de firmar un convenio coas diferentes administracións e institucións para a creación dunha gran planta de Almacenamento e Transformación de Xurros.

Ourense, a 11 de setembro de 2019.



D^a. Montserrat Lama Novoa.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE